

### U + Profesionais P3

**Novan&Vesson**  
ESTUDIO DE ARQUITECTOS  
“Para facer boa arquitectura con liberdade é imprescindible crear unha empresa”



### Reportaxe P4-5

O presidente da Xunta inaugurou na Coruña o curso universitario

### U + Emprendedores P6

**Health in Code**  
O salto internacional dunha Spin Off pioneira en estudos xenéticos

### U + Transferencia P7

**Pilar Pintor**  
DIRECTORA DA OTRI  
“Ademais de facultades, temos centros de investigación moi competitivos”

### Primeiro Plano P8-9

**Juan Ramón Quintás**  
PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAIXAS DE AFORRO (CECA)  
“O novo modelo educativo vai ser a panca de cambio na modificación do noso sistema produtivo tras a crise económica”



### U + Debate P10

“A fusión das caixas galegas”  
**José Antonio Novo Peteiro**  
PROFESOR DE FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA  
**José Manuel Sánchez Santos**  
PROFESOR DE ECONOMÍA APLICADA

### U + Empresa P11

**Vegalsa**  
Un exemplo da confianza na Universidade para camiñar polos vieiros da innovación

### U + Sociedade P12

“Adecuar a formación á demanda profesional é esencial nestes momentos”

**Antonio Abril Abadín**  
PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UDC

### U + Centros P13

**Escola Universitaria Politécnica**

O centro decano do campus de Ferrol

### U + Actualidade P14

Novas instalacións para a práctica do deporte

Feira Europea de Emprego

Convenio co Porto de Ferrol sobre o canal de Panamá

A homenaxe da UDC á música de Andrés Gaos

### U + Personaxes P16

**Rober Bodegas**  
CÓMICO, MONOLOGUISTA E GUIONISTA CORUÑÉS





EDITA:  
**Universidade da Coruña**  
COORDINACIÓN, TEXTOS E  
FOTOGRAFÍA:  
**Gabinete de Comunicación**  
REVISIÓN LINGÜÍSTICA:  
**Servizo de Normalización  
Lingüística**  
DESEÑO E MAQUETACIÓN:  
**Sistema Diseño**  
DEPÓSITO LEGAL:  
C 2038-2009



### Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade- Empresa

R/DR. VÁZQUEZ CABRERA, S/N  
CAMPUS DE ESTEIRO  
15403 FERROL  
TEL. 981 337 400 EXT. 3800  
[vfrue@udc.es](mailto:vfrue@udc.es)

### OTRI: Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

EDIFICIO DE SERVICIOS CENTRAIS  
DE INVESTIGACIÓN  
CAMPUS DE ELVIÑA S/N  
15071 A CORUÑA  
TEL. 981 167 173  
[ucotri@udc.es](mailto:ucotri@udc.es)

### Servizos de Apoio á Investigación

EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS  
DE INVESTIGACIÓN  
CAMPUS DE ELVIÑA S/N  
15071 A CORUÑA  
TEL. 981 167 000 EXT. 2072  
[sxaisec@udc.es](mailto:sxaisec@udc.es)

### Observatorio Ocupacional

CENTRO UNIVERSITARIO DE RIAZOR  
ALMIRANTE LÁNGARA S/N  
15011 A CORUÑA  
TEL. 981 167 000. EXT. 2651  
[col@udc.es](mailto:col@udc.es)

### Vicerreitoría de Cultura e Comunicación

#### Gabinete de Comunicación

REITORÍA  
RÚA DA MAESTRANZA 9  
15001 A CORUÑA  
TEL. 981 167 000 EXT. 1047  
[comunicacion@udc.es](mailto:comunicacion@udc.es)

#### Vicerreitoría de Investigación

RÚA DA MAESTRANZA 9  
15001 A CORUÑA  
TEL. 981 167 003  
[vi@udc.es](mailto:vi@udc.es)

#### Portal de Empleo

[http://www.udc.es/  
saee/empregoudc/](http://www.udc.es/saee/empregoudc/)

## Novo curso, vellos retos

### José María Barja

#### Reitor da Universidade da Coruña



A universidade vén de iniciar un novo curso, uns meses cheos de expectativas tanto para o alumnado como para o profesorado. Docentes e discentes estaremos en poucos meses plenamente metidos en cuestións intelectuais no máis amplo sentido da palabra. Estimular o intelecto é labor da persoa docente e esixir esa provocación é agora máis que nunca deber do/a estudante que pasa, coas novas directrices do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), a ser o eixo da aprendizaxe universitaria.

Este novo curso presenta para o profesorado, aínda que puidese parecer o contrario, os mesmos retos académicos de sempre. A integración no EEES é un feito irreversible e cambiará a nosa metodoloxía de traballo, mais continuaremos a pretender a que sempre foi a nosa meta: a formación de persoas con coñecemento. E isto faise, ademais de co ensino académico, coa investigación e a motivación cultural, verdadeiros elementos de progreso social e económico, que nos leva a pensar que a cidade da cultura galega está nos campus.

Para quen temos responsabilidades de xestión na Universidade da Coruña, para alén dos retos académicos, confrontámonos ao constante desafío de rendibilizar ao máximo os recursos

económicos que temos. Somos unha universidade pública que rende contas á sociedade. Damos conta da nosa xestión cando elaboramos o orzamento que ten que ser aprobado no Consello de Goberno e no Consello Social; damos conta cando presentamos a liquidación do exercicio económico e damos conta cando levamos ao Claustro o Informe anual de xestión.

Termos as contas saneadas para avanzar a bo ritmo no camiño do Espazo Europeo de Educación Superior non é garantía abonda no contexto de crise actual. Calquera diminución nos ingresos, como a que se anuncia, reduce e condiciona ese avance. Mais aí están os nosos resultados, froito de vir traballando desde hai anos para que no curso 2010-2011 estean todas as titulacións transformadas coas novas directrices.

Nós non paramos. Non podemos deternos porque estamos a falar de futuro. Non só do futuro da Universidade da Coruña, nin só do futuro das 2.250 persoas que conforman o cadro de traballadores/as da universidade, nin tampouco do futuro dos aproximadamente 23.000 estudantes que teremos este curso. Estamos a falar do futuro da sociedade. De Galicia.



## Estudio **Novan&Vesson**, fundado en maio de 2008 por profesionais formados na Universidade da Coruña “Para facer boa arquitectura con liberdade é imprescindible crear unha empresa”

Os arquitectos Rafael Pier, Alfredo González Cascallana e Eva Estévez Torres, xunto coa interiorista Cristina Vilariño, reflexionan sobre a profesión no seu estudio **Novan&Vesson**, un singular espazo de traballo que se converteu na súa mellor tarxeta de presentación.

Xa eran vellos coñecidos, desde os seus tempos de estudantes na Escola Técnica Superior de Arquitectura e a Escola de Arquitectura Técnica da Universidade da Coruña. Uníao o seu enfoque totalmente vocacional da profesión, fronte ao alumnado “de titulación”. Finalmente, e despois dunha década abríndose paso no sector, Rafael Pier e Cristina Vilariño, que xa eran equipo, e outra parella profesional, a formada por Eva Estévez Torres e Alfredo González Cascallana, decidiron fusionarse e crear en maio de 2008 o estudio **Novan&Vesson Arquitectos**, un nome que imprime carácter e que agocha en realidade un xogo de palabras en galego.

Toda unha declaración de intencións para demostrar que “en Galicia hai xente nova capaz de facer arquitectura sofisticada e elegante como a que se fai en calquera parte do mundo”. O seu é un estilo internacional e de vangarda que se materializa no propio escenario de traballo. Ese foi precisamente o seu primeiro proxecto conxunto: crear un estudio aberto, nunha casa de 1906, no único rúeiri orixinal do primeiro ensanche coruñés, recuperándoa mais sen afán restaurador; nesta casa aproveitáronse os materiais nobres, desapareceron as paredes e agora os tabiques son as portas.

Grandes portas brancas que reciben quen visita este lugar concibido como un punto de encontro, un laboratorio de ideas que se traslada á entrevista, convertida nunha sorte de brainstorming a catro voces, mais cun nexo común: a reivindicación de liberdade para facer boa arquitectura.

### O ESTUDIO E O PROXECTO DE TRABALLO

Querían un lugar doméstico, unha casa que ao mesmo tempo fose un espazo aberto. As persoas que entran nunca quedan indiferentes. Unhas falan de estilo neoriorquino, outras de bohemia, mesmo hai quen lles pregunta cando pensan rematar a obra e tapar os cables. Tiraron paredes e teitos podrecidos e aproveitaron as bondades dun piso con acabados que “parecen imperfectos, pero non o son”, e que se vai facendo a si mesmo, definindo as súas propias necesidades.

“Somos os mesmos profesionais de antes, coa mesma calidade, pero con máis capacidade para captar clientes grazas á nosa nova imaxe”, explican os socios, que neste estudio multidisciplinar desenvolven proxectos de planeamento urbanístico e paisaxismo, arquitectura institucional, corporativa e privada, deseño de mobiliario, escenografías... Entenden o seu traballo como “proxectos totais”.

### O CLIENTE

Nese “proxecto total” o reto é a “total satisfacción do cliente sensible, especial, que ten un soño: vivir mellor”. É que están convencidos de que “a boa arquitectura gústalle á xente, pero a maioría pensa que está fóra do seu alcance”. Eles intentan concienciar a sociedade de que “ter poucos cartos non significa renunciar á calidade”. As súas ferramentas para logralo son a economía de medios, sacarlle “o máximo partido aos cartos que se invisten no proxecto” e a busca da “total complicidade co cliente”, detectando as súas necesidades emocionais e materializándoas nun resultado formal en que nada do que se fai é un capricho, senón que está pensado por e para as persoas destinatarias.

### A GALERÍA

Antes de fusionarse, os catro socios traballaban nas súas casas, onde “era todo máis íntimo e menos relacionado coa sociedade”. Por iso tiveron claro que querían un estudio aberto ao público, nunha conexión relacionada coa creatividade. Desá idea naceu a galería, onde actualmente se poden contemplar as obras da primeira exposición pictórica e gráfica da prestixiosa arquitecta Pilar Díez. Antes pasaron por alí os escultores Soledad Penalta e Benito Freire, e os pintores Alejandro Carro e Luisa Valdés. Despois, xa se verá. Por agora non se pechan a ningunha expresión artística.

### O PASO POLA UNIVERSIDADE

Lembraba Rafa Pier que cando el estudaba no tránsito entre os anos oitenta e noventa había “un ambiente moi bohemio, que logo se foi perdendo”. A xente tardaba máis en rematar a carreira, mais todos están convencidos de que o resultado é unha “xeración na que hai arquitectos moi bos”, aínda que o seu expediente non sexa sempre “o orgullo das súas nais”. Profesionais que, como eles, ao perderen o abrigo da universidade o que sentiron foi “un certo desencanto”.

“Da escola da Coruña a xente sae formada tecnicamente para facer a mellor arquitectura de Europa”, mais “o tecido empresarial non está preparado para que se desenvolva ese potencial”, sosteñen os tres ex alumnos de Arquitectura, xa que Cristina Vilariño é especialista en decoración e interiorismo. Non consideran que sexa culpa de ninguén, senón dun sistema en que as suspiciencias mutuas “impiden ás veces poñerse a traballar en común”. Eles sufriron esa situación, por iso consideran fundamental incluír o traballo en empresas durante a carreira, tal como se está facendo agora, así como certa formación empresarial. “Sempre se nos chamou técnicos, incluso artistas, pero nunca empresarios”, sinalan os socios, que admiten que perderon proxectos por non dispoñer dunha infraestrutura.

“Para facer bos proxectos tes que crear unha empresa”, sentencian, e cada vez é máis difícil levantar un estudio en solitario, polo que hai que aprender a proxectar en equipo. É que os estudos multidisciplinares marcan a tendencia cara á que camiña a nova arquitectura, porque “unha obra é unha suma de esforzos, un traballo en equipo no que o proxecto é a folla de ruta que nos vai levando a todos”.



## Economía do coñecemento para tempos de crise

### A relación entre a Universidade e a empresa e o novo Espazo Europeo de Educación Superior centraron o acto de inauguración do curso académico

A relación entre a Universidade e a empresa foi un dos principais eixes sobre os que gravitou a inauguración oficial do curso académico 2009-2010, que nesta ocasión tivo como anfitrión á Universidade da Coruña. O acto solemne desenvolveuse no Paraninfo, presidido polo titular da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e coa presenza do reitor da UDC, José María Barja, e dos seus homólogos en Santiago, Senén Barro, e en Vigo, Alberto Gago, ademais doutras autoridades e representantes de diversos sectores.

Foi o vicerreitor do Campus de Ferrol e de Relación Universidade-Empresa, Luís Barral, o que abriu o debate sobre a necesidade de "potenciar a interacción entre a universidade e o mundo empresarial" e promover o desenvolvemento dunha cultura orientada á innovación tecnolóxica e á xestión do coñecemento. Na súa lección inaugural manifestou que para acadar este obxectivo é necesario realizar cambios no goberno e a xestión das universidades para poder afrontar o seu papel como actores principais da economía do coñecemento. Este cambio cultural pasa por incorporar ás dúas misións tradicionais da institución académica -a xeración de coñecemento por medio da investigación e da docencia- unha terceira misión, que non é outra que a difusión e a transferencia de tecnoloxía ao proceso produtivo.

**UNHA RESPONSABILIDADE COMPARTIDA**  
Aínda que as universidades fixeron un esforzo para adaptar as súas estruturas e crearon instrumentos para favorecer esa relación, non é súa toda a responsabilidade, segundo salientaba Barral, que se preguntaba se ese esforzo recibe o impulso das administracións públicas e é percibido polas empresas. Unha recente enquisa coordinada polo profesor da Universidade de Vigo Xosé H. Vázquez demostra notables carencias neste sentido. Entre os exemplos citados polo vicerreitor destaca o feito de que o 70 por cento das empresas galegas non planifica os seus investimentos en I+D+i, só o 13 por cento asegura que a súa

actividade innovadora segue un proceso e unha xestión sistemática, e unicamente o 19 por cento consigna nos seus orzamentos fondos específicos para estas actividades.

Con respecto á administración pública, indicaba Barral que aínda que foi aumentando o investimento en I+D+i, o sector empresarial considera que as axudas públicas son aínda complexas e non están dotadas suficientemente, ou están pouco en concordancia coas necesidades reais do sector, até o punto de que máis da metade das empresas xulgan que a rede de organismos de apoio á investigación é insuficiente.

Considera Barral que nestes tempos de crise a administración debe continuar a apostar polo I+D+i, o cal require un maior investimento que non debe ser considerado un gasto superfluo e require asemade por parte da empresa un esforzo maior, dotándoos de departamentos de I+D e tratando de achegarse máis ao mundo universitario. Por último, e no tocante aos deberes que ten pendentes a Universidade, subliñou a adaptación a formas de xestión con esquemas semellantes no seu funcionamento aos dunha empresa.

#### O FINANCIAMENTO PÚBLICO: A GRAN PRIORIDADE

O reitor da Coruña, José María Barja, abundou no seu discurso no debate aberto por Barral, lembrando que a relación das universidades co seu contorno económico debe abordarse desde unha perspectiva de colaboración, non de dependencia nin moito menos de submisión. Así mesmo, advertiu que o financiamento público continúa a ser a principal prioridade para garantir o acceso equitativo e o desenvolvemento sustentable das institucións de educación superior. "Gustaríanos que se percibise a educación como un investimento e non como un gasto máis ou menos moldeable", sinalou Barja, para engadir que "a educación é a chave do éxito de Europa", amosando a súa confianza en que tamén "será a chave do éxito de Galicia a medio prazo". Para acadalo será necesario apoiar o papel central das tres

universidades na xeración do I+D+i que caracteriza a nova economía.

Barja rematou o seu discurso resumindo o espírito que rexe na UDC, mostrándose "seguro de que sempre haberá quen guste dunhas universidades illadas, ensimesmadas nas súas clases ordinarias e nos seus laboratorios, distantes do mundo que fica máis alá dos campus". A Universidade da Coruña "non, por suposto", sentenciou o reitor, concluíndo que "estamos polas universidades do século XXI que Galicia vai necesitar máis que nunca nos vindeiros anos", xa que "estamos xogándonos o futuro da nosa fábrica de capital humano, da nosa industria do coñecemento, da nosa principal ferramenta de futuro".

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, recolleu a luva lanzada polo reitor e sinalou que "o mellor que Galicia ten é o seu capital humano, cun enorme talento e posibilidades sen límites", polo que "aproveitar ese talento é unha tarefa en que temos que estar implicados todos". Tamén apostou por poñer o acento na investigación e a innovación, "dúas das ferramentas máis útiles para saír da crise", e destacou a relación universidade-empresa como "un dos factores dinamizadores da economía galega". Nesta liña, admitiu que "a administración autonómica debe facer os seus deberes", momento que aproveitou para anunciar a creación dunha única Axencia de I+D+i que abrangue orzamentos e estratexias.

Con respecto ao financiamento da universidade, o presidente da Xunta manifestou que "hai que velo na dupla perspectiva do gasto e do investimento", para admitir que "no contexto de crise económica, cunha previsión de restrición no orzamento da comunidade autónoma, temos que ser realistas e actuar con responsabilidade para lles darmos prioridade ás actividades que se deben potenciar desde as universidades".

# Preparados para Europa

A Universidade da Coruña xa ofrece neste curso 26 titulacións adaptadas ao EEES, o que a converte en exemplo da adaptación ao Plan Boloña

O novo Espazo Europeo de Educación Superior compartiu coa relación universidade-empresa o protagonismo na apertura do curso. Tal como sinalou o reitor no seu discurso, a harmonización das titulacións leva en Galicia o ritmo axeitado, xa que "o noso sistema universitario non só non perdeu ese tren, senón que foi quen de converter o esforzo do cambio en enerxía positiva, claramente modernizadora". Moito choveu desde 1999, o ano en que se asinou o Plan Boloña para integrar os sistemas universitarios de 46 países e para acadar unha homologación que permitise garantir unha total mobilidade de estudantes e titulados. Conseguiuse por fin desenvolver este plan, co fin de que no curso 2010-2011 xa estea totalmente implantado.

Tanto é así que a UDC ofrece neste curso un total de 26 titulacións adaptadas ao EEES, logo de que as 24 propostas de grao, a maiores sobre as dúas titulacións que xa estaban implantadas, fosen verificadas pola ANECA (Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e a Acreditación). Segundo explica a vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, Ana Tarrío, este novo sistema divide o ensino en tres rangos universitarios (graos, mestrados e doutoramento) establecendo catro anos para o primeiro nivel, co que todos os títulos (as até o de agora chamadas diplomaturas e licenciaturas), quedarán igualados nun mesmo tipo de titulación, salvo algunhas excepcións como Arquitectura, no caso do campus coruñés, que será de cinco anos. Por tanto, só fican por integrar neste sistema as enxeñarías, que se transformarán no próximo curso.

## UN CAMBIO DE ENFOQUE

O obxectivo do Espazo Europeo de Educación Superior é apostar polo cambio de enfoque nas titulacións actuais, adaptando a formación ás necesidades actuais para acadar unha maior e mellor inserción laboral. Porén, esta maior aplicabilidade práctica non supón unha perda da independencia por parte da universidade, senón unha garantía de formación controlada e de calidade, na que España optou por reforzar o plano de estudos con catro anos de carreira, mentres que noutros países se concentra en tres anos.

As titulacións terán que cumprir uns criterios de calidade e serán sometidas a un proceso de acreditación por parte do Estado cada seis anos. Terá que demostrarse que estes graos cumpren os compromisos iniciais en aspecto como a taxa de eficiencia ou a taxa de abandono. Canto ao plano de estudos, a docencia preséntase como moito máis interactiva, mantendo a docencia maxistral mais tamén facendo fincapé na formación práctica en grupos reducidos, na que a asistencia do alumnado será moito máis decisiva que até o de agora, ao tratarse dun sistema de avaliación continua.

Esta mudanza implica, como lembra Ana Tarrío, un esforzo de adaptación non só do alumnado senón tamén do profesorado, que terá que facerse a traballar con pequenos grupos, estar máis en contacto co alumnado, estimular a faceta práctica da titulación. Canto aos empregadores, os empresarios deben saber que os graos dotan o titulado dunha formación xeral sobre determinada disciplina, permitindo á persoa egresada acceder ao mercado laboral. O mestrado é o segundo nivel da educación superior, e concédelle á persoa titulada unha maior formación nun tema concreto, afondando na súa profesionalización ou especialización.

Mentres que todos os graos teñen que culminar cun traballo de fin de grao, que se fai na última etapa do título, algunhas das titulacións esixen cursar un mestrado para acceder á profesión regulada, como é o caso das enxeñarías ou da profesión regulada de docente de Educación Secundaria Obrigatoria ou Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. No terceiro nivel sitúase o doutoramento, máis orientado á investigación. En todos estes casos, o expediente do/a titulado/a non só incluírá información relativa á súa titulación, senón tamén o chamado suplemento europeo, onde se explicita todo o que cursou o/a estudante no ámbito da universidade, desde cursos até seminarios, xornadas, etc., co que os empregadores poderán comprobar se a formación complementaria de que dispón a persoa aspirante é a adecuada.

## CAMBIA A TITULACIÓN, MAIS NON A PROFESIÓN REGULADA

Existe un aspecto que preocupa nalgúns sectores de profesionais e estudantes; trátase de todo o relativo á convivencia durante os próximos títulos das chamadas titulacións antigas e as novas. Ana Tarrío é moi clara á hora de precisar que "cambia a titulación, mais a profesión regulada non muda", polo que o acceso á profesión continúa a ser o mesmo, sexa unha persoa diplomada, licenciada ou graduada. Por tanto, "os títulos antigos non quedan desvalorizados nin os novos títulos sobrevalorados", insiste a vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, para acrecentar que "hai que lanzar unha mensaxe de tranquilidade tanto a titulados como a empregadores, porque a profesión non cambia, como tampouco mudan as competencias e as atribucións profesionais".

Con respecto á función pública, si existe un baleiro no que se refire ao reforzamento dos títulos de diplomado con mestrados. Antes estes titulados accedían ao grupo B, chamado agora A2, mais actualmente aínda non se sabe se poderán acceder ao grupo A1 tras estudar un mestrado. O que si está claro é que a partir de agora todas as persoas graduadas poderán presentarse a oposicións para o grupo A1, cando até agora se distinguían dúas categorías segundo se tratase de licenciados, arquitectos e enxeñeiros superiores ou diplomados, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos.

Á marxe das cuestións operativas, a gran baza deste Espazo Europeo de Educación Superior é a posibilidade de mobilidade do estudantado, que permitirá, por exemplo, que un/unha graduado/a coruñés/esa faga un mestrado noutro país de xeito automático, evitando toda burocracia en homologacións e outras adaptacións. Esta mesma mobilidade esténdese aos titulados, xa que ao estaren os títulos homologados poderán acceder máis facilmente a postos de traballo cualificados segundo a súa formación en calquera dos países integrados no EEES.





## Health in Code

O salto internacional dunha Spin Off nacida na UDC que se converteu en pioneira en estudos xenéticos

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Profesionais P3

Novan&Vesson

Reportaxe P4-5

Inicio do curso

U + Emprededores P6

Health in Code

U + Investigación P7

Pilar Pintor

Primeiro Plano P8-9

Juan Ramón Quintás

U + Debate P10

A fusión das caixas galegas

U + Empresa P11

Vegalsa

U + Sociedade P11

Antonio Abril Abadín

U + Centros P12

Escola Universitaria  
Politécnica

U + Actualidade P14-15

Novas instalacións para a  
práctica do deporte

Feira Europea de Emprego

Convenio co Porto de Ferrol  
sobre o canal de Panamá

A homenaxe da UDC á  
música de Andrés Gaos

U + Personaxes P16

Rober Bodegas

Até mil mutacións diferentes poden chegar a presentar as enfermidades cardíacas de orixe xenética, varias dúcias de patoloxías con centos de formas diferentes que provocan síntomas moi similares. Falamos de enfermidades como a miocardiopatía hipertrófica, primeira causa de morte súbita en menores de 35 anos e deportistas de elite, a miocardiopatía dilatada, primeiro motivo de trasplante de corazón, ou a síndrome de Brugada, que afecta a unha de cada 2500 persoas e é a causa máis frecuente de morte súbita en pacientes menores de 50 anos sen enfermidades cardíacas previas.

Pola súa complexidade é moi difícil identificar estas patoloxías a nivel clínico, xa que o diagnóstico é especialmente complexo ou non é concluínte. Por iso a existencia dun equipo multidisciplinar que realice estudos xenéticos a pacientes con síntomas ou historias familiares sospeitosas é da máxima utilidade para as unidades de cardiología dos hospitais de todo o mundo. Ese equipo multidisciplinar único de España especializado en cardiopatías familiares hereditarias, que recibe mostras de trinta hospitais públicos do Estado e de prestixiosos centros de Reino Unido, Estados Unidos ou Grecia está na Coruña, e constitúe un dos mellores exemplos do éxito das spin off xurdidas na UDC. Os socios fundadores, Manuel Hermida, Lorenzo Monserrat, Javier Muñiz e Alfonso Castro Beiras procedían do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e da universidade coruñesa, a través do Instituto de Ciencias da Saúde. Un grupo


de traballo sólido, con dez anos de labor conxunto no seu currículo, que no ano 2006 decidiu constituírse como empresa de base tecnolóxica e crear Health in Code. "Comezamos con 3.000 euros e agora a empresa está valorada en dous millóns de euros", destacan Manuel Hermida e Lorenzo Monserrat, que dirixen un equipo de vinte persoas entre persoal de laboratorio, clínica e administrativo. Explican o motivo do crecemento meteórico desta empresa no feito de que "somos pioneiros neste campo", xa que non son só un laboratorio, senón que traballan desde un enfoque multidisciplinar, abarcando desde o proceso previo onde se analiza a información clínica do paciente até o estudo xenético, que non consiste só en detectar as mutacións senón, o que é máis importante, en interpretarlas e propoñer un proceso terapéutico individualizado para cada paciente. "Xestionamos todo o conxunto da información, desde cando hai que facer o estudo até por que hai que facelo, como hai que facelo e a súa aplicación práctica".

Esta especialización levou a Health in Code a medrar até o punto de "roubarlles" clientes á Universidade de Oxford. Traballan co Heart Hospital, pertencente ao University College of London, que está considerado como o centro de referencia nestas patoloxías no Reino Unido e en toda Europa. "Antes facían os estudos xenéticos coa Universidade de Oxford", subliñan os responsables de Health in Code, que destacan tamén que tanto ou máis destacado é o salto a Estados Unidos, xa que están cerrando un contrato co

Cleveland Clinic, o hospital especializado en cardiología máis prestixioso do mundo. Tamén realizan servizos para Grecia, Turquía, Chipre, Serbia e todo o leste Mediterráneo, e mesmo están a analizar posibilidades de colaboración con Centroeuropa.

E que hai de Galicia? Por suposto existe colaboración, indican Hermida e Monserrat, mais admiten que "o coñecemento da utilidade destes estudos é aínda limitado en moitos dos clínicos, que non están familiarizados coa xenética". Por iso insisten na necesidade de facer un labor de concienciación, de xeito que se produza a mesma demanda deste tipo de diagnósticos, que facilitan un tratamento personalizado a pacientes, moitos deles moi novos, que a que existe a nivel internacional.

O que teñen moi claro é o apoio que lles prestou a Universidade da Coruña á hora de desenvolver este proxecto, no que o esforzo en investimento tecnolóxico foi moi importante, e precisou tamén do abrigo de socios importantes do mundo empresarial e a biomedicina. "Sen a colaboración da UDC non poderíamos arrancar", destacan os socios da empresa, para acrecentar que "axudas deste tipo son fundamentais, sobre todo nos primeiros anos". É que, despois de menos dun lustro de andaina, e a pesar do boa posición internacional e das previsións de 900 000 euros de facturación para este ano, aseguran Manuel Hermida e Lorenzo Monserrat "estamos lonxe aínda de ser unha empresa rendible".



## Pilar Pintor

Directora da Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación (OTRI)

“Cada vez existe menos distancia entre o mundo académico e o produtivo”



### Cal é o obxectivo da OTRI?

A OTRI xurdiu practicamente paralela á creación da Universidade da Coruña. O seu obxectivo é dar a coñecer á sociedade en xeral, e concretamente ás empresas, o que se está facendo en investigación para demostrar que na UDC non só se imparte docencia, senón que aproveitando a capacidade dos profesores e as infraestruturas desta universidade pódese xerar un novo coñecemento de que se pode beneficiar a sociedade.

### Cales son as ferramentas para logralo?

Temos grandes recursos e unha infraestrutura moi boa, así como un equipamento científico de gran nivel, ademais de que os profesores teñen unha contrastada experiencia nos seus campos. Queremos ante todo demostrar que na Universidade da Coruña se investiga en moitas áreas: tecnolóxicas, científicas, xurídico-sociais... En total temos máis de 150 grupos de investigación e máis de 1200 profesores investigadores. Tamén facemos moito fincapé nas infraestruturas que existen nesta universidade, xa que ademais de escolas e facultades temos institutos universitarios e centros de investigación moi competitivos. Un exemplo disto é o Parque Tecnolóxico, de que a UDC está moi orgullosa.

### Que pode ofrecer a universidade para apoiar o desenvolvemento, a competitividade e a innovación nas empresas?

Podemos desde facer pequenos ensaios para as empresas que non teñen capacidade nin recursos para realizalos até axudalas a mellorar os seus produtos, prestarlles asesoramento técnico especializado, realizar proxectos de investigación a longo prazo, impartir formación a traballadores, deseñar plans de I+D, axudalas a definir as súas necesidades a medio prazo... O que facemos desde a OTRI é achegar toda esa oferta ao mundo empresarial. En definitiva, o noso papel é o de interlocutores entre a UDC e o contorno produtivo.

### E nese papel de interlocución a OTRI tamén se ocupa de prestarlle apoio ao persoal investigador. Cústalles ás veces aos científicos e aos empresarios falar na mesma linguaxe?

Esa é precisamente unha das nosas funcións principais. Na OTRI identificamos a oferta tecnolóxica da Universidade da Coruña, definimos as capacidades dos grupos de investigación e o que poden ofrecerlles ás empresas, procuramos estar en contacto con eles...

Temos en marcha desde hai dous anos un programa de estruturación comercial dos grupos de investigación da UDC co que intentamos valorar os seus resultados. Na primeira fase analizamos con detalle o potencial do grupo de investigación, despois estudamos a que sectores lles pode interesar e axudamos o grupo a estruturarse e organizarse de xeito que sexa para el máis doado e operativo transferir os seus resultados. Por último, a fase máis importante é o apoio con consultores expertos e externos á UDC que analizan as posibles aplicacións e o interese por parte de certas empresas e sectores, cos cales tratan de poñelos en contacto a modo de proba.

### Que tal resultou esta fórmula?

Polo de agora fixemos este proceso con algúns grupos o ano pasado e retomámolo este ano. En xeral está sendo bastante positivo, mesmo detectamos que algúns destes grupos reúnen condicións para crear unha spin off.

### E despois da estruturación comercial chega o momento da promoción...

Esa é quizais a nosa función principal. Visitamos empresas, organizamos reunións sectoriais para dar a coñecer o que estamos facendo, organizamos charlas, editamos folletos sectoriais con información sobre os diferentes grupos que están traballando en cuestións relacionadas con ese determinado sector... Tamén acudimos a feiras e eventos e organizamos xornadas para dar a coñecer as nosas liñas de investigación, ademais de achegarnos a colectivos empresariais e colaborar con outras universidades e centros tecnolóxicos galegos.

### Cal é o asesoramento que máis demanda o persoal investigador?

Prestamos moito apoio á hora de buscar financiamento, a rastrexarmos as axudas das diferentes administracións como a

Xunta, o Estado ou a Unión Europea para actividades de innovación a distintos niveis. Os máis complicados de xestionar son os proxectos europeos, porque teñen varios países socios, son de grande envergadura e a burocracia é máis complexa. Por iso dentro da OTRI temos unha unidade de apoio a proxectos europeos e captación de mercados laborais na UE.

### Tamén é importante o labor de protección dos resultados das investigacións.

Desde a OTRI protexemos eses resultados a través da solicitude de patentes e rexistros da propiedade intelectual e industrial. Iso xestionámolo nós directamente e xa temos concedidas na UDC sobre 50 patentes e 26 en trámite. Hai que ter en conta, neste sentido, que a tramitación de patentes é un proceso longo, que pode durar varios anos.

### Outra das patas máis importantes e máis visibles da OTRI é o Viveiro de Empresas da UDC. Cal é o balance desde servizo?

A creación de empresas de base tecnolóxica é unha opción moi interesante para explotar os resultados das investigacións que se realizan na Universidade da Coruña, e nós intentamos apoiar ao máximo os grupos con espírito emprendedor a través do Viveiro, que conta con sete locais para albergar tanto o profesorado como o alumnado e o persoal de administración e servizos que queiran desenvolver unha idea empresarial baseada no coñecemento. Á parte de concederlles un espazo tratamos de axudalos no deseño do estudo de viabilidade para centrar o produto ou servizo, ver se hai mercado, a previsión de ingresos e gastos, persoal etc. E dá moi bos resultados, xa que a maioría das empresas que pasan polo Viveiro acaban constituíndose. O Viveiro creouse no ano 2005 e xa pasaron por el máis de vinte empresas.

### E cal é a receptividade do mundo empresarial con respecto ao posible apoio que lle pode prestar o persoal investigador da UDC?

En xeral as empresas son moi receptivas, outra cousa é que se arrisquen a investir. Non obstante, cada vez hai máis cultura de I+D e os empresarios danse de conta de que é necesario avanzar. O que intentamos é que vaian collendo confianza na Universidade. Temos que romper as distancias que aínda existen entre o mundo académico e o produtivo, aínda que teño que dicir que esas distancias son cada vez menores e máis abordables.

## Juan Ramón Quintás

Presidente da Confederación Española de Caixas de Aforro (CECA)

POR CARMINA ESCRIGAS

“O novo modelo educativo vai ser a panca de cambio na modificación do noso sistema produtivo tras a crise”

Comentáballe un profesor a un dos seus alumnos, mentres agardaban o inicio do relatorio inaugural do Mestrado de Banca e Finanzas da UDC, que escoitar a Juan Ramón Quintás era para un economista como acudir a un concerto. Nestes tempos de crise, non foi precisamente música celestial o que regalou o presidente da Confederación Española de Caixas de Aforro na súa lección maxistral sobre o regulamento dos mercados financeiros. Con todo, o longo aplauso ao final da conferencia deulle a razón ao profesor, confirmando que a vocación docente deste alto executivo que no seu día foi o catedrático máis novo de España se mantiña intacta despois de tantos anos.

O seu mandato culminará na próxima primavera, tras case dúas décadas á fronte da Confederación de Caixas de Aforro, como director xeral e tamén como presidente. Que balance fai do seu labor ao longo deste período?

É moi difícil facer balance cando estás aínda na metade da guerra. Segues sentindo intensamente cada minuto e cada hora. Porén, si existe unha reflexión moi clara sobre até que punto o máis importante que un aprende na universidade non son coñecementos específicos, fórmulas, regras completas, senón como analizar problemas e buscarlles solucións. Iso é algo que comprendes máis canto máis alto estás na pirámide dunha organización. Cada vez tes máis variedade de problemas, algúns cuxa existencia xamais te preocuparan, que ademais aparecen da forma máis sorprendente. E ves que a diferenza co traballo na universidade é que no mundo académico un elixe os problemas que quere estudar e na vida do executivo os problemas o elixen a un.

Parece que sempre está presente esa traxectoria como catedrático das universidades da Coruña e de Santiago. Que experiencia valora máis desa etapa como docente?

A miña vocación real é a docencia e nótase mesmo cando discuto temas profesionais, non o podo evitar. Se non fose porque en España o ensino sempre se pagou moi mal non marcharía das aulas. O que atopei fora resultou ser un magnífico complemento do que fixera dentro. Son dous patróns de vida moi distintos. Moito máis comfortable, entrañable e equilibrado é o contorno do ensino e da investigación. Moito máis axitado, volátil e perigoso é o de executivo. Xógaste o posto todos os días. Tamén descubrín que me gusta esta segunda parte, do mesmo xeito que hai xente á que lle gusta practicar determinados deportes, mais boto moito de menos a universidade.

E nesa faceta como alto executivo, entre os seus logros está o de situar as caixas como líderes do sistema financeiro español e manter intacta a súa natureza xurídica. Que futuro lles augura a estas entidades?

As caixas teñen case dous séculos de vida e pasaron por todo tipo de situacións, algunhas moito máis difíciles que esta: varias guerras civís, ditaduras, repúblicas, monarquía, crises absolutas, expansións... Mais o que si é certo é que nos últimos trinta anos se transformaron de tal modo que acadaron uns niveis de eficiencia e de poder como non se alcanzou xamais en ningún país do mundo, até o punto de concentraren a metade dun sistema bancario tendo na outra metade dous dos xogadores máis importantes do mundo. O horizonte é como manterse nesa posición. Por agora estase conseguindo en plena crise. No balance de resultados do primeiro semestre viamos que a cota de mercado das caixas mellorara sensiblemente no pasivo e que se mantiña no activo. Isto quere dicir que nestes momentos de contención e de enormes turbulencias da economía española están conseguindo este obxectivo. Os retos de futuro son moi importantes. Non se trata só de superar con éxito a crise máis dura nas últimas sete décadas, que en España está reforzada por unha crise de compoñente inmobiliaria máis forte que noutros países. Tamén hai que ter en conta que despois da crise o modelo non será igual. Mais partimos dunha gran vantaxe: o noso modelo de banca demostrou ser o triunfador nesta crise. Hai outro modelo, o grande, o sofisticado, o das grandes cabezas de Wall Street, coa separación entre o aforrador modesto e os grandes bancos de investimento. En cambio o modelo que se revelou como moito máis resistente é o que tiñamos as caixas e os bancos españois. Por tanto nós non temos que mudar o modelo como si teñen que facer outros países. En cambio, o que non é probable que retorne son as condicións marco en que vivimos nos últimos quince anos, en que houbo unha tremenda expansión, cunhas rendibilidades extraordinarias. Iso obríganos agora a abordar unha reestruturación adaptándonos a eses novos escenarios que teremos despois da crise.

Universidade & Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Profesionais P3

Novan&Vesson

Reportaxe P4-5

Inicio do curso

U + Emprededores P6

Health in Code

U + Investigación P7

Pilar Pintor

Primeiro Plano P8-9

Juan Ramón Quintás

U + Debate P10

A fusión das caixas galegas

U + Empresa P11

Vegalsa

U + Sociedade P11

Antonio Abril Abadín

U + Centros P12

Escola Universitaria Politécnica

U + Actualidade P14-15

Novas instalacións para a práctica do deporte

Feira Europea de Emprego

Convenio co Porto de Ferrol sobre o canal de Panamá

A homenaxe da UDC á música de Andrés Gaos

U + Personaxes P16

Rober Bodegas



Juan Ramón Quintás doutorouse en Ciencias Económicas con Premio Extraordinario. Desde 1971 é catedrático numerario da Universidade. A súa actividade académica, primeiro como director do Departamento de Teoría Económica da Universidade de Santiago, e máis tarde como membro do de Análise Económica da Universidade da Coruña, desenvolveuse nos campos da teoría económica, a economía aplicada e as finanzas.

En 1982 foi elixido presidente do Consello de Administración da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia. En 1984 foi nomeado director xeral adxunto de Caixa Galicia e en 1994 deu o salto a Madrid como director xeral da Confederación Española de Caixas de Aforro. No ano 2002 foi elixido por unanimidade presidente desta entidade, sumando esta responsabilidade á de director xeral, unha duplicidade sen precedentes no sector.

Quintás é tamén presidente do Padroado da Fundación de Caixas de Aforro Confederadas, pertence a distintos consellos de administración e, entre outros cargos, é vicepresidente da Agrupación Europea de Caixas de Aforro, así como membro do Consello Asesor da Fundación Reina Sofía.

**Vostede xa augurara hai tempo que esta crise sería moi profunda e con poucos visos de mellorar, cando menos a curto prazo. Cal é o seu diagnóstico de cara aos próximos meses?**

En España tivemos sorte porque os bancos e as caixas soportaron a crise, mais estamos ante un problema digamos clásico. A economía española entrou nunha crise profunda, e os bancos e as caixas viven desa economía. Isto quere dicir que se a crise da economía española se prolonga moito, de non haber unha estratexia nacional de saída da recesión, as consecuencias poden ser malísimas. De aí que eu, ás veces mesmo con impertinencia, me atreva a pedir que as forzas políticas e os axentes sociais se senten e pacten como xa se fixo unha vez neste país. Porque a crise é tan grave que fai falta un esforzo de todos.

**Nas súas manifestacións que tanta polémica desataron, debido á suxestión de adiamento de eleccións, o que viña vostede a pedir era un consenso de Estado e unha non instrumentación política da crise.**

É que poden pelexar por outras cousas, mais non nunha situación que require un cambio de todo o marco estrutural, desde o aparato produtivo até as infraestruturas. A discusión céntrase toda en se despido si ou non, mais esta é unha cuestión menor dentro de todo o que está a acontecer. Por poñer un exemplo, en Alemaña en vez de manter un 20 por cento da poboación en paro preferiron por consenso nacional reducir nun 20 por cento o traballo de todos, e todos seguen empregados. E o que ao Estado lle ían custar os parados inxéctao para non sufriren excesivamente nos seus soldos os traballadores. Por iso Alemaña, onde caeu o Produto Interior Bruto máis que en España, ten moito menos paro ca nós. Hai mil cousas que se sentas arredor dunha mesa podes discutir e pensar sen necesidade de entrar no tema espíñento de despido libre ou non. Non entendo a causa de se romperen ás veces as relacións por cuestións deste tipo.

**Din algunhas estatísticas que Galicia é unha das comunidades autónomas que mellor ou menos mal están capeando o temporal. Que factores poden estar influíndo?**

Normalmente Galicia adoita comportarse peor que o resto de España nas expansións e mellor nas recesións. E polo menos nesta cuestión parece que sucedeu así, cun factor fundamental, que é que o boom inmobiliario que se deu en Galicia non é nin sequera comparable ao que houbo no arco mediterráneo. Daquela aquí temos problemas mais nada comparable ao que se dá alí.

**Na inauguración do curso académico subliñouse que agora máis que nunca hai que apostar pola economía do coñecemento. En que aspectos cre que debe reforzarse a relación entre a universidade e a empresa?**

Unha das experiencias que eu descubrí moi cedo e que aproveitei moito é que cando un profesor universitario ou un investigador asina un traballo a súa carreira e o seu prestixio midense na calidade do que está asinando. Cando o fai unha consultora as veces a sinatura é case anónima e o que desexa é cobrar o máis posible por ese traballo. Por iso tanto en Caixa Galicia como na CECA fuxin de montar servizos internos ou recorrer a consultoras externas. Sempre que atopei algún departamento ou un universitario a que lle interesase ese tipo de colaboración decidín ofrecerllo. Entón creo que a posibilidade de interacción entre a universidade e a empresa é infinita, mais en España explorámola desde un treito moi curto.

**Este termo case de nova cuñaxe, en que se inscribe a relación universidade-empresa, que é o I+D+i, parece que aínda asusta bastante a aquelas que conforman a base do tecido produtivo galego, que son as Pemes. Pedirlle unha asistencia a unha universidade para desenvolver un produto ou un servizo innovador continúa a se entender como un privilexio para os grandes grupos. É moi difícil abordar un cambio de mentalidade, quitarlle o medo ao pequeno empresario. Pódese facer cando hai un clúster, cando se trata de pemes dispersas é moito máis difícil, mais non imposible.**

**O Plan Boloña abriu o debate sobre a relación da universidade e a sociedade. Cre que será positivo este cambio ou é dos críticos coa modificación do sistema clásico?**

Hai dous modelos que se desenvolveron ao longo da historia da humanidade e lamentablemente non se pode elixir o mellor de cada un, hai que escoller. No modelo grego, que perviviu até a Idade Media, a ciencia era algo totalmente desligado das necesidades da sociedade e facíase ciencia por pracer. Mesmo nalgunha das escolas matemáticas mataban os que divulgasen os seus segredos xeométricos. Mais a partir da Idade Media o ser humano descobre a capacidade transformadora da ciencia aplicada ao control da natureza. E alí xorde unha nova evolución da humanidade, que é capaz de multiplicar os recursos para a súa subsistencia e de ampliar outros bens e servizos para satisfacer necesidades menos básicas que as da alimentación. Entón, se unha universidade opta polo modelo grego, que non espere outra consideración da sociedade que a que merecen os xogadores de xadrez. É xente moi respectada, mais non lles inxectan miles de millóns. Se polo contrario a opción que realiza é a correspondente á época moderna, na medida en que sexa capaz de conciliar o seu afán de descubrimento da verdade coas necesidades que ten a sociedade, na medida en que sitúe o equilibrio máis para un lado ou para outro, conseguirá unha maior dotación de recursos. Agora, sería moi triste para a humanidade que o núcleo de benestar futuro que é a universidade optase por ser o xogador de xadrez.

**A educación é o principal motor de desenvolvemento dos países. Xulga que nos estamos xogando o futuro co desenvolvemento da universidade?**

Probablemente a panca máis importante de cambio de modelo produtivo en España tras a crise sexa o cambio do noso modelo educativo. Se o facemos ben non só mudarán as expectativas do aparato produtivo no futuro, senón que cambiaremos as oportunidades para as xeracións futuras. Farémolas menos dependentes do que reciben por herdanza dos seus pais e máis da súa capacidade de desenvolvemento nun contorno educativo progresista e moderno.

## “A fusión das caixas galegas”

### “Unha cuestión de competencia”

José Antonio Novo Peteiro

Profesor de Fundamentos da Análise Económica



Unha fusión entre entidades que ocupan o mesmo espazo xeográfico debe suscitar interrogantes relativos ao impacto potencial sobre a intensidade da competencia. O debate sobre a posible fusión das dúas caixas galegas a que asistimos desde a creación do FROB raras veces presenta alusións concretas aos efectos neste ámbito. Máis aínda, atopamos formulacións que os consideran anecdóticos e de escasa importancia baseándose en que a presenza das dúas caixas nas provincias galegas é asimétrica. Os tres indicadores que seguen poderían contribuir á discusión:

O grupo bancario resultante aglutinaría o 40% das sucursais galegas. A modo de referente, pode pensarse que Caja Madrid ou La Caixa posúen aproximadamente o 20% nos seus respectivos feudos, en tanto que as caixas vascas e a navarra (sancionadas en 2007 pola Comisión Nacional da Competencia por repartición de mercado) oscilan entre o 20 e o 30%.

Estudos recentes que cuantifican a intensidade de contacto multimercado sitúan a rivalidade ou presión competitiva entre as dúas caixas galegas nun nivel equivalente ao que ten o BBVA co Banco Santander para o conxunto do territorio do Estado. Sen dúbida, a dos dous grandes sería unha fusión que nos preocuparía en termos de competencia.

O limiar de 1800 no índice de Herfindahl, que en moitos países delimita o que pode chegar a ser nocivo en termos de poder de mercado, veríase superado amplamente nas catro provincias galegas. Calculado en termos de grupos bancarios, na Coruña ou en Pontevedra acadaría o 2100, en tanto que en Ourense superaría o 3000. Na nosa opinión, cabe pensar que, como consecuencia da hipotética fusión, ben a caixa resultante detería un poder de mercado no seu mercado relevante maior ao de calquera outra entidade no sector bancario español, ou ben a intensidade do axuste en rede e persoal tería que ser moi superior ás cifras que se barallan.

## “Sobre o rigor dos argumentos”

José Manuel Sánchez Santos

Profesor de Economía aplicada



No debate aberto sobre a fusión das caixas de aforro galegas manéxanse tres escenarios posibles: o mantemento do status vixente (dúas caixas), unha fusión das caixas galegas e a fusión interterritorial dalgunha delas. A controversia que rodea este tema aliméntase en boa medida pola mestura de argumentos non só económicos, senón tamén políticos, sociais e mesmo de índole persoal.

A ordenación do debate sobre unha cuestión de indubidable complexidade intrínseca esixe unha avaliación rigorosa dos pros e os contras de cada un dos mencionados escenarios. En particular, a dita avaliación debería permitir un diagnóstico en termos de necesidade e desexabilidade de cada unha das opcións. En xeral, a xustificación da necesidade das fusións adoita sustentarse en factores estritamente microeconómicos, basicamente relativos á eficiencia operativa.

Neste primeiro plano, unha das cuestións claves é a relativa a como se vería afectada a

competencia no sector, tendo en conta o mercado relevante de referencia. Pola súa banda, no ámbito da desexabilidade, ás razóns de índole económica vén sumárselle a discusión sobre as consecuencias sociais e políticas de cada unha das alternativas baralladas. Nesta segunda vertente sitúanse, por exemplo, cuestións referentes á identificación ou vinculación territorial das caixas e o seu o papel na vertebración socioeconómica de Galicia.

En suma, a análise da problemática asociada ás fusións xira en boa medida arredor do binomio causas económicas-consecuencias sociais. O problema é que co traslado do debate aos medios, este adquiriu unha notable visibilidade, o cal, en ocasións, lonxe de achegar transparencia constitúe un lastre para o rigor. Proba diso é a proliferación de visións parciais (interesadas e non-globais) que non sempre contan co respaldo dunha sólida base teórica ou empírica que permita discriminar as distintas posturas atendendo á solidez dos seus fundamentos.



## Vegalsa

### Un exemplo da confianza na UDC para camiñar pola senda da innovación

A Universidade da Coruña, ademais da súa función docente e investigadora, realiza un gran labor de compromiso coa sociedade. Unha parte importante deste compromiso reflíctese na colaboración co mundo empresarial de Galicia. De feito, son moitas as empresas que confían no persoal investigador da UDC para levar a cabo estudos e traballos imprescindibles na súa actividade diaria. Vegalsa-Eroski é un exemplo e colabora desde hai anos coa Universidade.

Vegalsa-Eroski é unha compañía galega de distribución alimentaria líder en Galicia, que conta con 230 tendas propias e franqueadas, unha plataforma de distribución de mercadorías xerais, seis plataformas de produtos frescos e dous de redistribución de mercadorías. Dispón dun persoal próximo aos 4500 traballadores. Con presenza homoxénea en todo o territorio da comunidade autónoma, presta servizo a máis de 200.000 clientes diarios.

Desde hai anos, esta compañía vén subscribindo convenios de colaboración coa Universidade relacionados cos máis diversos ámbitos e levados a cabo por equipos cualificados dos diversos departamentos da UDC. Entre os traballos que se realizaron, ou que aínda se están a realizar, atópanse estudos e proxectos que pretenden desenvolver ou optimizar equipos da compañía para facilitar a súa actividade e mellorar o servizo que esta lle ofrece á súa clientela e á sociedade en xeral.

A Universidade pon ao servizo das empresas o seu potencial como xeradora e fonte de coñecemento. Ademais dunha institución dedicada á docencia e á formación dos futuros profesionais de Galicia, é, por tanto, unha organización

que traballa de forma directa co mundo empresarial beneficiando así a economía e sociedade galegas.

Recentemente, o Departamento de Economía Aplicada da UDC deulle asesoramento e asistencia técnica ao grupo Vegalsa en asuntos relacionados con esta área de investigación. Tamén a Sociedade Xestora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, sociedade mercantil pública participada pola UDC, levou a cabo a realización do proxecto “Deseño e construción dun sistema de xestión de inmovilizado utilizando tecnoloxía RFDI” durante o pasado ano. A compañía encargou tarefas de soporte tecnolóxico consistentes no deseño e a construción dun sistema de xestión de inmovilizado con tecnoloxía de identificación por radiofrecuencia e trazabilidade para a súa posterior implantación na empresa.

Previamente o Departamento de Computación da Universidade realizara unha análise preliminar e valorara diversas propostas para a implantación deste sistema de xestión, que ten por obxecto o seguimento das distintas unidades de inmovilizado ao longo do seu ciclo de vida e a interacción con outros sistemas da organización.

#### PROTECCIÓN DO MEDIO

A protección do medio e o uso racional e sustentable dos recursos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade comercial é outra das tarefas contratadas por Vegalsa á UDC. A Universidade realiza servizos para definir e materializar o programa “Desenvolvemento sostible. Residuos cero” e presta asesoramento técnico e realiza os traballos necesarios no campo ambiental para desenvolver o

proxecto. Ademais, aplica as estratexias, políticas e accións necesarias para alcanzar o máis alto grao de protección do contorno e minimizar o impacto da súa actividade. Desde hai un par de anos, o Departamento de Física da UDC está involucrado noutro proxecto do Grupo Vegalsa: un servizo de asistencia técnica especializada consistente na realización de análises químicas das bolsas de plástico utilizadas nos seus establecementos comerciais.

A compañía, fundada hai máis de cincuenta anos, está participada ao 50% pola familia Ventura González e o Grupo Eroski. Desenvolve a súa actividade comercial cunha cultura corporativa fundamentada en valores estratéxicos: a aposta polo consumo responsable, a información e os dereitos dos consumidores, os produtos saudables, a calidade certificada, o desenvolvemento das producións agrogandeiras, pesqueiras e da industria alimentaria de Galicia, así como dos seus produtos con denominación de calidade. Os outros e non menos importantes piares do seu labor son o desenvolvemento sustentable, as boas prácticas ambientais, o compromiso coas enerxías limpas, a formación e a estabilidade no emprego, a boa veciñanza e a solidariedade.

Vegalsa é unha empresa que subscribiu os compromisos do Pacto Mundial da Organización de Nacións Unidas referidos á protección dos dereitos das persoas e do medio. Fai fincapé especial en apoiar a aplicación dun criterio de precaución fronte aos retos ambientais, en adoptar iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental, así como en alentar o desenvolvemento e a difusión de tecnoloxías inocuas para o contorno natural.



Directorio P2

U + Profesionais P3

Novan&Vesson

Reportaxe P4-5

Inicio do curso

U + Emprededores P6

Health in Code

U + Investigación P7

Pilar Pintor

Primeiro Plano P8-9

Juan Ramón Quintás

U + Debate P10

A fusión das caixas galegas

U + Empresa P11

Vegalsa

U + Sociedade P11

Antonio Abril Abadín

U + Centros P12

Escola Universitaria  
Politécnica

U + Actualidade P14-15

Novas instalacións para a  
práctica do deporte

Feira Europea de Emprego

Convenio co Porto de Ferrol  
sobre o canal de Panamá

A homenaxe da UDC á  
música de Andrés Gaos

U + Personaxes P16

Rober Bodegas

## “Crise económica e relación Universidade-Empresa” Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da Universidade

O pasado día 11 de setembro tivo lugar na Coruña o acto académico de apertura do curso universitario 2009-2010 en Galicia. O previsible protagonismo do tema da relación entre a universidade e o ámbito empresarial –non en van a lección inaugural do curso académico versaba “Sobre plásticos e a relación universidade-empresa” e estivo a cargo do vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa da nosa universidade, o Dr. Luís Barral Losada– viuse eclipsado polo debate sobre a crise económica e o financiamento das universidades, auténtico eixe sobre o que xiraron as intervencións do presidente da Xunta, do conselleiro de Educación e do reitor da UDC.

Os tres presidentes dos consellos sociais das universidades da Coruña, Santiago e Vigo non tivemos a oportunidade de facer oír a voz dos intereses que representamos, é dicir, os de toda a sociedade galega, mais cando menos esta vez si estivemos na mesa presidencial do acto. Creo que nos resultaría difícil disentar das principais mensaxes que alí escoitamos, tanto dos invocados por quen financia (austeridade en tempos de crise, repartición responsable e priorización vinculada a criterios de eficiencia de recursos públicos) como dos alegados polas financiadas (consideración das achegas á universidade non como gasto, senón como investimento, universidade como principal ferramenta de futuro na xeración de capital humano e de coñecemento etc.); ora ben, gustaría insistir algo máis na relación universidade-empresa que, sequera, o presidente Núñez Feijóo citou como “un dos factores de dinamización que, xunto coa investigación e a innovación, quere aproveitar a Xunta como oportunidade para saír da actual situación de crise” e o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa sintetizou con acerto ao dicir que “será necesario un cambio cultural nas universidades que permita que ás misións tradicionais da universidade, de xeración de coñecemento por medio da investigación e de transmisión de coñecemento por medio da docencia, se incorpore con equilibrio a terceira misión de difusión e transferencia de coñecemento e tecnoloxía ao proceso produtivo para que sexa transformado en crecemento económico e benestar social”.

Pensando como representante de intereses sociais na universidade, creo non equivocarme se digo que un dos temas que consti-

túen o eixe da relación entre a universidade e o mundo da empresa, e preocupa especialmente ao estudiantado e ás súas familias, é o da adecuación da formación dos nosos universitarios aos requirimentos profesionais das empresas, auténtica chave para a súa inserción laboral e, por tanto, cuestión de esencial importancia nestes momentos de gran dificultade para atopar emprego.

Unha das iniciativas levadas a cabo polo Consello Social para achegar ao ámbito académico a realidade das organizacións empresariais é o estudo que vén promovendo periodicamente sobre “Competencias profesionais dos titulados da UDC”. O seu obxectivo é delimitar as competencias profesionais que, na medida en que son requiridas polas empresas, son, precisamente, as que a persoa cunha titulación universitaria necesita adquirir, desenvolver ou mellorar. O estudo permite determinar a desviación entre a demanda e a oferta real das capacidades profesionais no mercado laboral e, en concreto, a medida en que a UDC lles fai fronte ás demandas deste mercado para que os titulados universitarios adecúen a súa formación en competencias profesionais aos requirimentos empresariais.

A idea central do estudo é que a universidade non só debe de impartir coñecementos ao seu estudiantado, senón que ademais ten a obriga de formalo xusto naquelas aptitudes, habilidades e competencias que as empresas reclaman, xa sexan xenéricas ou transversais canto aplicables a calquera saída profesional, xa sexan específicas ou propias de titulacións concretas.

Está a punto de se publicar o último estudo realizado polo Observatorio Ocupacional –servizo da UDC encargado da investigación sobre as condicións de empregabilidade dos titulados universitarios– coa inestimable axuda de 907 empresas e 1052 titulados. Como novidade, este ano incide ademais en dous temas de especial transcendencia: a ética empresarial e o coñecemento do inglés. As súas conclusións son relevantes, mais só serán útiles na medida en que a universidade as asuma no deseño do perfil das competencias profesionais que cómpre integrar nos seus procesos de formación. Esperemos que así sexa.



## Escola Universitaria Politécnica

Unha pioneira nos estudos navais e decana do campus de Ferrol que hoxe ofrece formación en catro especialidades de enxeñaría técnicas

A Escola Universitaria Politécnica é a decana do campus de Ferrol, intimamente vinculada ao desenvolvemento da cidade e moi esperada no seu momento, xa que abriría a porta a moitos mozos da zona que non tiñan recursos económicos para se desprazaren a outras cidades. Situado en Serantes, o edificio actual non sería inaugurado até o ano 1971, mais os estudos de enxeñaría técnica naval xa se implantaran en Ferrol no ano 1966, convertendo a cidade na segunda de España en contar con esta titulación. Mentres se executaban as obras, os primeiros anos impartíanse as clases no Instituto Concepción Arenal, con 350 alumnos matriculados no primeiro curso, dos que só once eran mulleres.

Os alumnos entraban en clase ás sete menos cuarto da tarde e saían ás dez da noite, debido a que a maioría dos profesores realizaban a súa actividade principal en empresas da zona, fundamentalmente en Bazán, Astano e o Arsenal. Finalmente remataron as obras, e o estudiantado estreaba o novo edificio, que hoxe segue acollendo estes estudos, no curso 1971-72. Foi ao final dese ano académico, en xuño de 1972, cando a escola quedou integrada na Universidade de Santiago de Compostela

co nome de Escola Universitaria. Dous anos máis tarde, en decembro do 74, constituíase un padroado presidido pola condessa de Fenosa, Carmela Arias y Díaz de Rábago, e formado por diversas autoridades civís e militares, así como por representantes de entidades financeiras, dos estaleiros, de colexios profesionais, do claustro de profesores e do alumnado, unha representación que demostra o apoio que no seu día concederon as institucións ao desenvolvemento da escola ferrolá.

Durante aqueles anos, a actividade extra académica do alumnado era moi intensa. Actos culturais, deportivos e sociais sucedíanse grazas ao empuxe da "cámara de alumnos", que creou mesmo unha tuna estudantil e organizou tanto conferencias como representacións teatrais, festivais ou campionatos deportivos.

Mais foi durante os anos oitenta cando tivo lugar a gran transformación da Escola de Enxeñeiros Técnicos Navais, que pasou a chamarse Escola Universitaria Politécnica, tal e como é coñecida actualmente. A EUP foi creada en novembro de 1987, e foi no curso 1988-89 cando se iniciaron os estudos de primeiro curso de Enxeñaría Técnica Industrial en Electricidade, especialidade

en Automática e Electrónica. Dous anos máis tarde a Xunta de Escola solicitou a especialidade de Centrais e Redes, que foi aprobada finalmente en 1990.

A EUP estreaba a década dos 90 con outra importante mudanza, a transferencia por Decreto da Xunta de Galicia á Universidade da Coruña, pasando a converterse así nun dos centros máis antigos dos novos campus adscritos á UDC. Desde ese momento e até a actualidade realizáronse diversas ampliacións e modificacións do centro, fundamentalmente para satisfacer as novas demandas de laboratorios e espazos para o alumnado.

No ano 1996 acometeuse outro cambio importante: a renovación dos planos de estudos para os adaptar ás novas titulacións que se irían homologando até conformar os estudos actuais, que abranguen catro enxeñaría técnicas, dúas industriais e dúas navais. O futuro próximo depáralle a este centro emblemático un novo punto de inflexión, que non é outro que a adaptación ao novo Espazo Europeo de Educación Superior, que entrará en vigor na EUP durante o curso 2010-2011.

## Titulacións que se imparten

Moiito choveu desde que aqueles 350 alumnos comezaron os seus estudos naquel curso do 66. Hoxe a Escola Universitaria Politécnica acolle uns 1.500 estudantes repartidos en catro titulacións. As de Enxeñaría Técnica Naval, en calquera das súas dúas especialidades, teñen por finalidade cubrir a demanda de profesionais no sector industrial naval e auxiliares. Na especialidade de Estruturas Mariñas, o obxectivo é proporcionar os coñecementos necesarios nas áreas formativas relacionadas co deseño, fabricación, instalación, reparación e mantemento das estruturas mariñas. Entre as materias que se imparten figuran matemáticas, física, química, informática e expresión gráfica na enxeñaría, así como arquitectura naval, teoría do buque, construción naval, mecánica, enxeñaría de materiais ou mecánica de fluídos. Deste xeito, as persoas tituladas adquiren unha ampla formación relacionada co buque e con todo o relacionado con este sector industrial.

Con respecto á especialidade de Propulsión e Servizos do Buque, o obxectivo do plano de estudos é formar o alumnado no deseño, fabricación, instalación, reparación e mantemento dos sistemas de propulsión e operativos dos buques. As materias abarcan, ademais das compartidas coa especialidade de Estruturas Mariñas, as relacionadas con termodinámica, electricidade e electrónica, máquinas térmicas, deseño e cálculo de sistemas de propulsión.

### ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL

Con respecto á Enxeñaría Técnica Industrial, ofrécense as especialidades de Electricidade e Electrónica Industrial. A primeira delas céntrase nas actividades profesionais da enxeñaría relacionadas directamente coa xeración, transporte, distribución e utilización da electricidade. Os dous campos fundamentais que abarca como disciplina profesional son o dos sistemas de enerxía eléctrica e as

máquinas eléctricas. Entre as materias que se imparten figuran o control electrónico de máquinas eléctricas, domótica, administración de empresas e control industrial, circuitos eléctricos, mecánica de fluídos, sistemas de climatización ou física de polímeros.

Por último, a especialidade de Electrónica Industrial inclúe no seu plano de estudos unha boa base de coñecementos científicos fundamentais, atendendo ao carácter multidisciplinar do enxeñeiro técnico e impartindo ao mesmo tempo unha sólida formación en informática e no ámbito da xestión e desenvolvemento de proxectos. A formación específica céntrase nas áreas de electrónica, automatización, comunicacións e control de procesos industriais, para dar resposta á demanda industrial no deseño e implementación de sistemas electrónicos de control e de sistemas de produción automática.





**U+ACTUALIDADE**

## O campus contará cunha sala de musculación e un tatami que se inaugurarán no Día do Deporte Universitario

Universidade & Sociedade Blogpaper

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

U + Profesionais P3

Novan&Vesson

Reportaxe P4-5

Inicio do curso

U + Emprededores P6

Health in Code

U + Investigación P7

Pilar Pintor

Primeiro Plano P8-9

Juan Ramón Quintás

U + Debate P10

A fusión das caixas galegas

U + Empresa P11

Vegalsa

U + Sociedade P11

Antonio Abril Abadín

U + Centros P12

Escola Universitaria Politécnica

U + Actualidade P14-15

Novas instalacións para a práctica do deporte

Feira Europea de Emprego  
Convenio co Porto de Ferrol sobre o canal de Panamá

A homenaxe da UDC á música de Andrés Gaos

U + Personaxes P16

Roberto Bodegas

Baixo o lema "Actívate con SaluDC, o día 5 de novembro celebrarase no campus coruñés o Día do Deporte Universitario, unha xornada en que o reitor, José María Barja, inaugurará as novas instalacións deportivas situadas no Estadio Universitario. Trátase dunha sala de musculación de máis de 300 metros cadrados, así como dun tatami de 150 metros cadrados para múltiples usos. O obxectivo que se persegue coa posta en marcha destes novos servizos é seguir atendendo as esixencias da comunidade universitaria e ofrecer as mellores dotacións para estimular a vida saudable entre o estudantado dos campus da Coruña e Ferrol.

Ademais da inauguración destas instalacións, durante o Día do Deporte Universitario realizaranse numerosas actividades deportivas como fútbol 5x5, baloncesto 3x3, tiro con arco, béisbol ou actividades de aventura e tempo libre. A xornada culminará cunha cea de gala do deporte universitario.

Con esta celebración dá comezo o novo curso deportivo, en que os membros da comunidade universitaria poderán optar entre múltiples actividades nas escolas deportivas, nos cursos, as ligas universitarias e os campionatos internos que se sucederán ao longo dos próximos meses. Para inscribirse nalgunha destas actividades

no primeiro cuatrimestre, o prazo comeza o 2 de novembro e remata o 19 de febreiro. No amplo abano de actividades figuran, no campus da Coruña, xadrez, bádminton, rugby, tenis, tai chi, pilates ou ximnasia acrobática. No campus de Ferrol inclúense tamén o golf, a esgrima ou o fútbol sala feminino.

Canto aos cursos, existen ofertas para todos os gustos, desde escalada deportiva até fútbol americano e carreiras de orientación. No campus de Ferrol destacan os cursos dedicados a actividades náuticas, como o de patrón de embarcacións de recreo ou o de patrón de iates, o curso de vela cruceiro ou o curso de surf. Na cidade herculina o mar é o protagonista tamén nos cursos de mergullador/a deportivo/a, windsurf ou catamarán, alén da posibilidade que se ofrece de alugar piraguas na praia de Oza durante todo o ano.

Os deportistas máis competitivos poderán tomar parte nos numerosos campionatos e ligas universitarias que se organizan durante todo o curso. Salientan entre os deportes máis disputados o baloncesto, o fútbol, o voleibol, o balonmán, o rugby ou o pádel. Ademais, o estudantado pode obter importantes descontos nas instalacións deportivas da Xunta de Galicia e mesmo apuntarse a actividades dirixidas gratuítas.

## A Feira Europea de Emprego reunirá no campus de Elviña uns 7.000 estudantes, titulados e novos emprendedores

O Pavillón de Deportes do campus de Elviña acollerá os días 28 e 29 de outubro a segunda edición da Feira Europea de Emprego, que tras o éxito da primeira continuará especializándose no mercado laboral a nivel local, nacional e europeo. Organizada en colaboración coa Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, esta feira naceu como un foro que permite iniciar a relación laboral entre a empresa e os titulados universitarios. Entre as actividades previstas figuran presentacións das empresas, mesas redondas e obradoiros que lles ofrecerán ás persoas participantes información útil sobre os mercados laborais acordes á súa formación.

As mesas redondas, obradoiros e actividades de empresas distribuiranse entre as facultades de Socioloxía, Informática e Dereito. Neste último centro terá lugar o día 28 a inauguración oficial, presidida polo reitor, José María Barja, acompañado por Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, e Beatriz Mato, conselleira de Traballo e Benestar.

Entre os obxectivos desta convocatoria figuran o de ofrecer información para a procura de emprego e facilitar a inserción no mercado laboral, ofrecer información sobre as necesidades futuras de formación e as tendencias do mercado laboral, así como fomentar e impulsar a cultura do emprendemento entre as persoas

participantes, fomentar encontros empresariais e identificar novas liñas de negocio e oportunidades de creación de emprego.

Unha das principais novidades este ano é o denominado "Café Negocios", unha xornada técnica que ten como finalidade reunir o empresariado ao longo dunha única sesión, propiciando o marco máis axeitado para que se coñeza e así fomentar a creación de novas relacións empresariais. Esta actividade desenvolverase durante a mañá do día 28, entre as 10.00 e as 13.15 horas. Algunhas das empresas que participarán nesta orixinal actividade son Egasa, R, Seguros Bilbao, o Concello de Arteixo, Cegasal, Tecnocom ou a Asociación de Empresarios de Hostalaría.

Na feira poderán participar tanto estudantes como titulados universitarios e de formación profesional, así como a mocidade emprendedora. Para esta edición agárdanse uns 7000 participantes nas diferentes actividades, e superaranse así as cifras da primeira convocatoria, en que se achegaron ao campus de Elviña unhas 5000 persoas. Entre as empresas que confirmaron a súa presenza na feira figuran Bancaja, Alcoa, Applus, Caixa Galicia, Caixanova, Clag (Cluster Audiovisual Galego), Deloitte, Banco Etcheverría, Estrella Seguros, Iberdrola, R, Seguros Bilbao ou Tecnocom.



## A UDC colabora nun estudo sobre as repercusións da ampliación do Canal de Panamá nas rutas de contedores

O Instituto Universitario de Estudos Marítimos da UDC colaborará coa Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao na elaboración dun estudo sobre a repercusión que terá ampliar o canal de Panamá na loxística mundial de rutas de contedores, que trasladan as mercadorías entre os grandes epicentros do mercado e o comercio internacional. Así o acordaron o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja, e o presidente da entidade portuaria, Ángel del Real, no convenio asinado recentemente. No documento precisase que a cooperación coa Universidade, e en concreto co Instituto de Estudos Marítimos, é un elemento chave do proceso de elaboración deste estudo, xa que o IUEM ten un alto grao de especialización en temas marítimos, e en particular na loxística global de mercadorías.

O estudo analizará en profundidade aspectos de relevancia como a situación e as previsións de futuro do mercado global de contedores e as súas repercusións nas navieiras, as rutas, as terminais, os custos e fretes, os intercambios comerciais a escala mundial ou a cadea loxística. Tamén se estudarán as características da ampliación do canal, tanto no referente a dimensións e capacidade como a prazos, previsións de futuro, taxas e tarifas e organización. Finalmente, o proxecto avaliará as oportunidades que se derivan para o porto exterior de Ferrol en diferentes aspectos como o diagnóstico da oferta da nova dársena ou a análise da demanda potencial.

## A Aula de Música centra en Andrés Gaos a segunda edición das Xornadas de Divulgación do Patrimonio Musical Galego

A Aula de Música da UDC, dependente da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, inicia o novo curso con numerosas actividades entre as que destacan as II Xornadas de Divulgación do Patrimonio Musical Galego, centradas nesta ocasión na figura e na obra do compositor e pianista Andrés Gaos. O obxectivo desta iniciativa é divulgar e tamén investigar o seu legado artístico, unha tarefa que tivo como precursora á Asociación Musical Andrés Gaos, que se ocupou de difundir a obra dun compositor que ocupa un lugar destacado na historia da música e de que este ano se conmemora o 50.º aniversario do pasamento. O ciclo iniciado o 13 de outubro inclúe mesas redondas e conferencias concerto. Na xornada inaugural estivo presente Andrés Gaos Guillochón, fillo do compositor, que participou nunha mesa redonda xunto co director de orquestra Maximino Zumalave e outros expertos.

Xa na xornada do 28 de outubro ofrecerase un concerto no Paraninfo da Universidade ás 20.30 horas, con obras para piano a catro mans de Marcial del Adalid e obras para piano de Andrés Gaos a cargo dos pianistas José Manuel Yáñez e Genaro Fernández.

O ciclo continuará o 11 de novembro con outro concerto no Paraninfo con obras para violoncello e piano de Mendelssohn, Martinu e Gaos a cargo de Carolina Landriscini ao violoncello e Nicolás Cadarso ao piano. O 25 de novembro terá lugar tamén no Paraninfo unha conferencia concerto sobre as cancións francesas de Gaos a cargo do crítico musical Julio Andrade, a soprano Manuela Soto e a pianista Monika Fehn. Xa no mes de decembro, o día 3 o concerto será ofrecido pola violinista Virginia González e o pianista Rubén Alvar e, finalmente, o día 19, esta vez na igrexa da Orde Terceira, o concerto será ofrecido pola Orquestra de Cámara da Universidade da Coruña, dirixida por Julián Jesús Pérez.

Ademais desta actividade especial, a Aula de Música proseguirá cos seus ciclos habituais dedicados á formación na Escola de Música e no Coro Universitario, ademais do ciclo de novos intérpretes que se desenvolverá na primavera e outro curso que proxecta en colaboración coa Aula de Cine, dedicado á ópera no cine, que se terá lugar durante o segundo cuatrimestre.



## Rober Bodegas Cómico, monologuista e guionista coruñés

**O mellor recordo universitario.** O ano da LOU non sei até que punto conseguimos algo, mais cando menos a universidade funcionou como tal, xa que había asociación entre os seus membros, e non como un montón de facultades cada unha ao doután. Ademais de intercambio de apuntamentos, tamén o había de ideas. Fun moi activo nas protestas e asembleas e un par de partidos políticos até me quixeron para as súas filas. Ao final en vez de acabar sendo político acabei sendo cómico... Dá que pensar, eh?

**O profesor ou a profesora que máis o marcou (na escola/no instituto/na universidade). Por qué?**

Na Escola de Arquitectura algúns profesores están máis pendentes de ensinársese que de ensinar, outros confunden o prestixio coa dureza. Aprendín moito de Fernando Agrasar, Miguel Abelleira, Victoria Franco Taboada e, en xeral, de todos os que teñen vocación docente aínda que non gañen concursos.

**A súa materia pendente.**

Calar a boca aínda que crea que teño razón. Aínda me quedan tres materias para acabar a carreira.

**A viaxe de fin de curso que lle gustaría facer.**

Na excursión de fin de curso de oitavo de EXB leváronme ao Val dos Caidos, que máis se pode pedir? Ora que para compensar non estaría mal una visitiña a Berlín ou a Moscova. A Lei de memoria histórica debería financiar estas "viaxes de indemnización" e xa se iso vou eu cambiándolles os nomes ás rúas... Hehe!



**Un fito na historia dos cómicos.**

Alguén dixo unha vez que os Beatles foron ao pop o que os Monty Python ao humor moderno. Eu aínda diría máis, os Monty Python foron ao humor moderno o que os Beatles ao pop. Por certo, ese alguén era Jordi Costa, que non me acordaba... É que cando o autor da cita non é moi coñecido queda mellor dicir "alguén" que o seu nome, así a xente pensa en alguén tipo Einstein levantando o índice ao falar e non no seu veciño do quinto, malia que os dous poidan ter a mesma razón.

**A principal lección que lle deron.**

José Tojeiro ensinoume que se un día a monto na miña casa con dúas "mulleres que fuman" non debo deixar que me preparen o Cola Cao despois. Iso é útil, polo demais, a educación paréceme o maior valor en calquera persoa e tamén nos animais, ora que iso xa é máis difícil. Cando me retire penso anunciar libros de "Forza para educar" en plan Donato.

**Se volvese estudar, que elixiría?**

Elixiría Dereito, é onde mellor se come, e se non vivo da arquitectura tampouco vou vivir das leis... Mais, se non, estudaría inglés, para entender as cancións e poder ver "Perdidos" sen subtítulos. E, xa en serio, gústame o deseño (industrial) e as filoloxías.

**O mellor consello que recibiu.**

Dixomo Earl, o da serie, é sobre o karma. Non son nada espiritual, é máis, teño tan pouca flexibilidade que nin sequera me dan as pernas para sentar na posición do loto, mais creo que sentirse ben coas accións e decisións que un toma é fundamental.

**O mellor consello que daría.**

O que me deron a min! Só faltaría! Se non, vaia falso sería dicíndolles aos colegas: "Oes, déronme un consello que fixo que a miña vida sexa unha pasada, mais a ti non cho penso contar, a ti dígoche: Se o semáforo está en vermello, non cruces. E dás cunha pedra nos dentes!".

**Quixo que o tragase a terra cando...**

Cando eliminaron a Chenoa en OT1. Non, é broma, nunca quixen que me tragase a terra. Son un tío tranquilo e sempre penso que todo se pode arranxar.

**O logro de que se sente máis orgulloso.**

Teño 27 anos e xa hai un par de anos que non son virxe, non está mal, eh? Tamén me quedou moi bonito un barco de plastilina unha vez en párvulos, mais non o conservo. E que che regalen cervexa grazas á túa simpatía tamén é un triunfo, nin sequera Homer Simpson, que ten un Oscar, foi ao espazo e gañou un Grammy o conseguíu.

**O seu maior reto cumprido na interpretación.**

As miñas mellores interpretacións fíxenas ante os meus pais contándolles o porqué dos meus suspensos... Non, o maior reto foi atreverse a subir a un escenario, polo demais o resto dos retos vouos sacando con cinco raspados, aínda non fixen nada polo que dicir: "Isto bordeino", comentario que sería de tío moi sobrado, por outra parte.

**O seu ben máis prezado.**

Tiña unha camiseta de "Los Planetas" do 96 que gardaba como ouro en pano, agora só a gardo como pano, pois a miña nai atopouna tirada na casa e viuna tan vella que decidíu que estaría mellor sendo un trapo. Se cando menos o Cristasol non fose abrasivo, podería ser o meu trapo preferido, mais así nin iso... Tamén lles teño moito cariño aos meus discos, a algunha gravata, bonequiños frikis de hai mil anos e á miña Vespa, porque no seu momento tiven que aforrar un montón para comprala. É o que ten non ter diamantes, nin esmeraldas, encariñaste de parvadas.